CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa conceptos, procedementos e resultados de estatística e probabilidade usando diferentes ferramentas (lapis e papel, calculadora e/ou software estatístico) e valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Elixe a representación gráfica adecuada para describir os datos dados utilizando describindo, explicando e xustificando razoamentos procedementos e conclusións.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece información estatística sinxela recollida en medios de comunicación e outros ámbitos empregando a linguaxe estatística con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización e análise de datos.</li> <li>- Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas.</li> <li>- Recollida e organización de datos en situacións da vida cotiá que involucran unha soa variable. Frecuencias.</li> <li>- Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folla de cálculo, aplicacións...) para pescudar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas.</li> <li>- Medidas de centralización e dispersión: interpretación e cálculo.</li> <li>- Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás medidas de centralización e dispersión.</li> <li>- Uso das medidas de dispersión como complemento da media para explicar a distribución dos datos.</li> <li>- Cálculo e interpretación das medidas de centralización e dispersión, con apoio tecnolóxico, en contextos da vida real.</li> <li>- Uso de técnicas estatísticas para o tratamento de grandes cantidades de datos.</li> <li>- Contribución da estatística ao progreso da sociedade.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
13	Matemáticas para a vida en sociedade	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.</li> <li>- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Traballo en equipo e toma de decisións.</li> <li>- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.</li> <li>- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.</li> <li>- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaranse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

##### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecemento, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilización dos contidos tratados. Para conseguilo, introducíranse os contidos a partir de situacións problemáticas que as/os mesmas/os alumnas/os aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas.

Fomentárase a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

Promóvese a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

##### MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

###### A clase invertida

Nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilízanse a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

###### Métodos expositivos

Fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

###### Métodos demostrativos

A diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introdutorias dos diferentes contidos combínanse métodos expositivos e métodos demostrativos.

###### Método tutorial

A idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode chegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

###### Método interrogativo

As preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introdutorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

##### TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

###### Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos

que se van desenvolver a continuación.

#### Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

#### Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

#### Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación
Materiais manipulativos (para o traballo da xeometría, por exemplo)
Caderno da/o alumna/o
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Aula de informática
Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, por exemplo)

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se utilizará a aula de informática na que haberá ordenadores nos que se instalará o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nos que se utilizarán tamén aplicacións web.

Empregaranse libros dixitais. Todos os cursos da ESO empregarán a plataforma E-Dixgal, co que se traballa nun Entorno Virtual de Aprendizaxe cun repositorio de recursos educativos en formato dixital. Nesta plataforma inclúense os libros dixitais das editoriais NETEX, EDEBÉ e PLANETA. Entre os recursos máis salientables, destacamos:

- Recursos fotocopiáveis: actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación elaborados e deseñados polo profesorado do departamento.
  - Internet, que é hoxe a principal fonte de datos que podemos ter a man, que permite o acceso a recursos virtuais.
  - Cuestionarios tipo Kahoot, Plickers, Quizizz,...
  - Visionado de vídeos explicativos, maiormente da canle de YouTube “Cuestión de Números” de Carla Iglesias Comesaña.
- Utilización de repositorios de contidos educativos dixitais (Procomún, etc.).
- Caderno cuadriculado tamaño A4.
- Calculadora científica.
- Regra graduada, escuadra, cartabón e compás.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolta na aula ou do traballo realizado en unidades previas. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario. Levarase a cabo pregando os seguintes instrumentos:

- O expediente académico e os informes individualizados do curso anterior do alumno, nos que constará a competencia curricular na materia de Matemáticas, as dificultades de aprendizaxe presentadas e as medidas de atención á diversidade aplicadas, se fose o caso.
  - A información dos profesores que impartiron docencia a cada alumno e alumna o curso académico anterior.
  - A información sobre o entorno familiar e social que poida achegar, por unha parte, o propio alumnado e, por outra, os titores do curso anterior ou a Xefatura de Estudos.
  - O seguimento diario da actitude e do rendemento do grupo. Farase un seguimento do alumnado usando instrumentos como o caderno do alumno.
  - Se é necesario farase unha proba escrita sobre contidos mínimos que debería ter adquiridos o alumnado nos cursos anteriores e sobre contidos mínimos desenvolvidos no período establecido para a avaliación inicial.
  - A información que aporte o Departamento de Orientación, o cal levará a cabo, nos primeiros días de curso, unha avaliación do alumnado de 1º ESO para detectar as dificultades que presenten os alumnos e alumnas.
  - No caso de 1º ESO, empregaranse as probas estandarizadas de avaliación diagnóstica do programa AVALDIA da Xunta de Galicia correspondentes a 6º de Primaria.

Unha vez diagnosticadas as deficiencias existentes e as súas causas, a información recollida será posta en común polos profesores de cada curso nunha reunión de avaliación inicial que terá lugar a finais do mes de outubro co gallo de establecer medidas que permitan corrixir na medida do posible tales deficiencias. Algunhas destas medidas correctoras poden ser as seguintes:

-A nivel individual:

- Reforzo educativo impartido polo propio profesor ou profesora da materia.
- Exención da segunda lingua estranxeira e apoio fóra da aula no seu lugar por parte da profesora de Pedagogía Terapéutica.
  - Atención máis individualizada na aula.
  - Realización de actividades complementarias na casa para fortalecer a base matemática.
  - Proposta dunha adaptación curricular.
  - Entrevista cos pais para tratar de corrixir condutas non axeitadas ou para intentar crear un hábito de traballo diario.

-A nivel de grupo:

- Realización de axustes na secuenciación dos contidos que figura na Programación Didáctica.
- Modificacións na temporalización prevista das unidades didácticas.
- Cambios na metodoloxía empregada.
- Reordenación do alumnado na aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	5	5	6	6	6	6	6	6	6	6
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	6	6	30	100
<b>Proba escrita</b>	100	100	0	70
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	100	30

### Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 70% da nota da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas. O 30% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
  - O caderno de aula
  - As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
  - A observación diaria na aula
  - Probas escritas de tempo limitada.

De xeito máis concreto a cualificación do 30% de traballo diario descomponse en:

- 10% Probas escritas de tempo limitado.
- 10% Os proxectos. Como mínimo realizará un por trimestre. Poderán estar relacionados coa lectura dun libro ou cun proxecto proposto polo profesor. Poderanse avaliar mediante a entrega de informes, presentacións ou ambos.
  - 10% Traballo de aula. Abranguerá as actividades entregables, tests, cuestionarios de avaliación do traballo diario, tarefas, o caderno e a realización das actividades plantexadas na aula. Avaliarase cunha rúbrica.

En canto ao 70% correspondente ás probas escritas. Estas contarán con polo menos unha pregunta dos temas anteriores e a nota calcúlase cunha media obtida tralo último exame de cada trimestre, calculada segundo o seguinte procedemento:

- A primeira nota media calcúlase ponderando o primeiro exame cun 40% e o segundo cun 60%.
- As seguintes notas medias calcúlase ponderando a anterior nota media cun 40% e o último exame cun 60%.

No seguinte exemplo, con tres exames no primeiro trimestre, a nota de probas escritas da primeira avaliación se calculará como segue:

Nota Exame 1: 5  
Nota Exame 2: 3  
Nota media 1: 40% de 5 + 60% de 3 → 3,8  
Nota exame 3: 6  
Nota media 2: 40% de 3,8 + 60% de 6 → 5,12

Polo tanto, a nota media de exames na primeira avaliación será 5,12. Esta nota de 5,12 será tamén a que se promedie cun peso do 40% co primeiro exame do segundo trimestre, e así sucesivamente.

Excepción na última avaliación: O último exame da terceira avaliación avaliará os contidos traballados dende o comezo. Se para un alumno é máis favorable a nota obtida no último exame que a súa última nota media calculada polo procedemento anterior, a nota deste último exame será o 100% da nota de probas escritas da avaliación final. Deberase obter unha cualificación global do trimestre, igual ou superior a 5 para considerar superado ese trimestre. A repetición dun exame está supeditada á debida xustificación da falta de asistencia a esa sesión.

### **Criterios de recuperación:**

Non haberá probas específicas de recuperación parciais. Todo o alumnado ten a oportunidade de recuperar a súa nota no último exame do curso, que pode valer o 100% da nota de probas escritas se lle resulta máis favorable. A maiores, cando un alumno ou alumna non acade o aprobado ao rematar a terceira avaliación, terá a oportunidade de aprobar, do seguinte xeito:

Realizará unha proba escrita global dos contidos máis importantes traballados durante o curso, de características semellantes á derradeira proba escrita da terceira avaliación (non haberá, polo tanto, partes aprobadas e a proba escrita será igual para todo o alumnado do grupo-clase).

No caso de realizar a devandita proba de recuperación global, o cálculo da cualificación da avaliación ordinaria realizarase tendo en conta, ademais, o traballo diario (sen incluír as probas escritas de tempo limitado) realizado ao longo de todo o curso, polo que os criterios de avaliación serán os seguintes:

- 80% Proba escrita de recuperación global (global dos contidos máis importantes traballados durante o curso, de características semellantes á derradeira proba escrita da terceira avaliación).
- 10% Traballo de aula: tomarase a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións en concepto de "Traballo de aula" (caderno, realización de tarefas, etc.).
- 10% Proxectos: tomarase a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións en concepto de "Proxectos".

Unha vez calculada a puntuación, a nota da avaliación final será a resultante de aproximar por redondeo o resultado con dous decimais (é dicir: un 4,50 aproximarase a 5, pero un 4,49 será un 4). Deberase obter unha cualificación mínima de 5 trala aproximación para considerar aprobada a materia.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado que teña a materia pendente será obxecto dun seguimento mediante actividades propostas para entregar de xeito trimestral coas que se buscará reforzar eses contidos que non foron acadados o curso anterior e realizarán unha proba por trimestre. A súa cualificación realizarase do seguinte xeito: 70% proba escrita, 30% exercicios. O primeiro trimestre avaliarase o 21 ou 22 de novembro, o segundo trimestre o 20 ou 21 de febreiro e a terceiro 23 ou 24 de abril. Os boletíns de exercicios deberán ser entregados antes de ditas datas.

A nota final será a media das tres notas parciais. Para considerar a materia aprobada esta nota media debe ser igual ou superior a 5.

Para o alumnado que non logre superar a materia por parciais, haberá unha proba escrita final o 21 ou 22 de maio correspondente coa avaliación ordinaria de pendentes. Esta proba versará sobre os contidos de toda a materia (non quedarán aprobadas partes).

## 6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. Levaranse a cabo as seguintes medidas:

- Elaboración e desenvolvemento, se é o caso, da programación da materia de Reforzo de Matemáticas que se poidan crear nos dous primeiros cursos da ESO como medida de apoio ás aprendizaxes básicas.
- Elaboración e desenvolvemento das distintas adaptacións curriculares para alumnos que as precisen. Colaborando co departamento de orientación na elaboración do plan de reforzo e actividades propostas.
- Unha organización do traballo na aula diversificada, con actividades de tipo cooperativo nas que as diferentes aptitudes dos integrantes do grupo se interrelacionen e potencien para chegar a un obxectivo común, e outras situacións de traballo autónomo nas que cada un poida leva-lo seu propio ritmo de aprendizaxe.
- Proposta de actividades de ampliación asociadas normalmente a un texto que necesita de interpretación e un grao de abstracción maior.
- Observación ao longo do curso de cales son os alumnos que ao final deberían ser propostos para incorporarse aos reforzos de matemáticas e aos programas de diversificación curricular do vindeiro ano académico.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X



	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X

**Observacións:**

1. Comprensión da lectura e expresión oral e escrita: serán traballadas de xeito habitual a través dos materiais utilizados na aula (boletíns de exercicios, caderno de traballo, realización de probas e traballos para entregar,...) e das intervencións do alumno (ben sexa realizando preguntas relativas ás explicacións da/o docente, ou coa explicación da resolución de tarefas no encerado ou coa exposición de traballos).
2. A comunicación audiovisual e a competencia dixital: o uso da aula virtual e das novas tecnoloxías utilizando aplicacións web como Geogebra e outras ferramentas dixitais (follas de cálculo, editores de texto, editores de presentacións...).
3. O emprendemento social e empresarial: propoñeranse tarefas de ampliación e alternativas que busquen fomenten a creatividade e a autonomía persoal do alumnado.
4. O fomento do espírito crítico: o espírito crítico é tratado de forma xenérica diariamente na aula. A resolución de problemas lévanos inevitablemente a esta forma de proceder, as propostas alternativas ou de mellora a unha solución dada, fomentan o espírito crítico.
5. A educación emocional e en valores: os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Para contribuír ao Proxecto Lector de Centro realizárase unha actividade sobre o libro "Los diez magníficos".

Con respecto ao Plan TIC empregáranse calculadora, EVA-EDixgal, Abalar e a Aula Virtual.

Para contribuír ao Plan de Convivencia proporase:

- Fomentar a cohesión e integración.
- Concienciar da necesidade de traballar nun entorno limpo e ordenado.
- Procurar a cohesión interna dos grupos.
- Reflexionar e facer cumprir as normas.
- Resolver os conflitos interpersoais mediante o diálogo e o acordo.
- Favorecer o diálogo.
- Traballar na eliminación de prexuízos por razón de sexo, aparencia física ou orixe.
- Axudar ao delegado a fomentar a convivencia entre os alumnos e alumnas do seu grupo.

Finalmente, en relación ao Plan de Formación Dixital do Alumnado buscarase que empreguen internet, algúns softwares de LibreOffice e xestionen documentos PDF.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no canguro matemático	Proporase ao alumnado a participación nesta actividade.		X	
Participación nas Olimpíadas matemáticas	Proporase ao alumnado a participación na olimpíada matemática organizada pola AGAPEMA		X	

### Observacións:

Valoráranse actividades a maiores das anteriormente descritas se poden resultar interesantes para o alumando coma, por exemplo, o Rally Matemático.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

### Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 156/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar "os procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións, no período entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria e para o alumnado con materias pendentes.

## 9. Outros apartados

### 1. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Por iso, de acordo co Proxecto Lector do Centro na práctica docente de todas as materias haberá un tempo adicado á lectura en tódolos cursos da etapa. O título proposto para 2º da ESO é "Los diez magníficos".

## 2. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE FORMACIÓN DIXITAL DO ALUMNADO

Intentarase contribuir á consecución das seguintes competencias:

- Edición de documentos PDF: unión de varios PDF, eliminación e reordenación de páxinas.
- Participar nun foro e saber usar o botón de “Avanzado”.
- Manexar un glosario
- Traballar nunha wiki colaborativa.
- LibreOffice Calc.
- LibreOffice Draw.
- Libre Office Writer: Inserir formas, establecer a posición da imaxe ou forma con respecto ao texto, inserir táboas, inserir cabeceira de páxina ou pé de páxina, paxinar o documento e inserir índice manual.
- Comprimir e descomprimir información.
- Mecnografar con rapidez.

## 3. Acción de contribución ao Plan TIC

1. Utilización da calculadora de forma eficaz e intelixente para realizar operacións complicadas, comprobar cálculos manuais ou mentais e realizar pequenas investigacións.
2. Grazas a que estamos nun centro Abalar, en tódolos cursos da ESO traballarase na aula cos ultraportátiles dos alumnos.
3. Dentro do proxecto E-Dixgal, traballarase nun Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA-Abalar) que é un ámbito virtual de traballo accesible para o profesorado e o alumnado.
4. Así mesmo, en caso de precisalo, o departamento dispón dunha Aula Virtual para cada un dos cursos da ESO na que os alumnos poderán traballar contidos máis interactivos e dinámicos, que podería complementar os contidos E-Dixgal se fose preciso.